

# 1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

## SOCIAIS

### 1ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar	Identifica as relacións de parentesco
Coñecer e respectar todos os elementos da escola e as súas funcións.	.Identifica aos membros da comunidade escolar,
Recoñecer á pertenza a certos grupos	Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas	Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas
	dentifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
Coñecer as características básicas da contorna próxima	Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente:

.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola	Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán
Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación	Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas
Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas	Participa en actividades individuais e de grupo

### 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	Elabora algúns mapas mentais sinxelos
Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Recoñecer as características básicas do aire e a auga	Describe as características principais do aire e da auga.
Recoñecer e valorar a importancia que a	Explica, de forma sinxela, a importancia

auga e o aire teñen para a vida	que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.
Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais,	Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo
Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás	Realiza observacións sobre o tempo atmosférico local.
Identificar os elementos que aparecen no ceo	Nomea os elementos presentes no ceo
Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen	Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite
Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home	Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home

### 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DA AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal	Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal
Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares	Explica oralmente unha árbore xenealóxica
Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características

## LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

### 1ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Anteriorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
	Identifica diferentes tipos de texto
Relacionar códigos verbais e non verbais	Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.
Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato	Escribe, con axuda, en diferentes soportes,
	Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.
Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	Lee con pronunciación e entoación axeitada
Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social	Relaciona a información que achega o título e as ilustracións
Comprender a funcionalidade de	Recoñece a funcionalidade de

diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe	determinadas tipoloxía textuais:
Mostrar interese e gusto pola lectura.	Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.
	Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras
Progresar na adquisición do hábito lecto	Identifica, con axuda, os textos da biblioteca máis axeitados
Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os seus libros

## 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
	Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.
Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais
Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos e exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.
Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade
Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.
Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses	Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.
Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	Adecúa a entoación e o volume á representación dramática
Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherent	Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
	Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba ...
	Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral:	Pide axuda para a realización de tarefas de

escoitar e preguntar	distinta índole.
----------------------	------------------

### 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Aplicar os coñecementos gramáticos básicos	Desenvolve a conciencia fonolóxica
	Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
	Distingue nome e adxectivo
	Distingue xénero e número
	Utiliza adecuadamente os artigos
	Forma grupos nominais
	Utiliza os tempos verbais
Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	Relaciona sinónimos e antónimos
	Establece comparacións
	Utiliza diminutivos e aumentativos
	identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión ora	Forma e ordena correctamente oracións simples
Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais	Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativas dixitais
Comparar aspectos básicos das linguas	Compara aspectos das linguas que coñece.
Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos	identifica sinxelos textos propios da literatura infantil
	Dramatiza con xestos e palabras

Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.
	Interpreta a linguaxe figurada en textos literarios
Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula	Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.
Reproducir, con axuda, textos literarios sinxelos	Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios
Valorar a literatura en calquera lingua	Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega

## MATEMATICAS

### 1ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACION</b>	<b>ESTANDARES DE APRENDIZAXE</b>
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo

feito.	
Ler, escribir e ordenar números enteiros	Le, escribe e ordena números ata o 99
	Identifica o valor de posición das cifras
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor	Utiliza os números ordinais en contextos reais
	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
	Descompón e compón números naturais,
	Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar	Rexistra e interpreta datos sinxelos
	Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.

## 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas
	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta
	Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
	níciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas:
Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación	Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitua
Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas	Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes
Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo	Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

## 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema
Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos	Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos n

Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo	Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.
	Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.
	Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel,	Resolve problemas sinxelos de medida.
	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas
Interpretar representacións espaciais sinxelas	Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo
	Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia
Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas	Resolve problemas xeométricos
	. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

### 1ª AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas	Expresa a percepción da súa propia identidade.
	Expresa oralmente a súa autodescrición.
	Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características
Autorregular as condutas cotiás	Participa na práctica de técnicas de relaxación
	Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.
	Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade
Valorar as normas de seguridade viaria.	Colabora en campañas escolares sobre a

	importancia do respecto das normas de educación viaria
	Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico
	Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

## 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Tomar conciencia das emocións	Identifica e comunica as súas emocións.
	Describe oralmente os signos físicos
	Dramatiza diferentes estados de ánimo.
Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo
	Responde preguntas relacionadas con situacións vividas
	Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións
Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas	Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións
	Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas d
	Conversa sobre un tema proposto
Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas,	Representa e dramatiza diferentes formas de vida.
	Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras
Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia	Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.
	Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.
	Fai uso adecuado do material.

## 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Desenvolver actitudes para actuar con motivación	Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
	Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.
Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	Describe oralmente as características de diferentes persoas
	Recoñece e explica emocións e estados de ánimo

	identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.
	Dramatiza feitos observados,
Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades	Desenvolve actitudes de colaboración
	Pide axuda, cando a precisa,
	Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais
Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo
	Colabora con persoas do outro sexo

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### 1ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALUACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAGE</b>
Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos	Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos
Comprender informacións audiovisuais sinxelas	Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos
Comprender e producir textos orais sinxelos,	Participa nunha conversa entre iguais,
	Sigue unha exposición breve da clase
	Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos
	Participa no traballo en pequeno grupo.
Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás	Atende as intervencións dos e das demais
	Respecta as opinións da persoa que fala
Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais
	Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica	Sinala a denominación dos textos traballados
	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra
	Identifica os nomes propios
	Sinala o xénero e número



## 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAGE</b>
Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	Respecta as opinións das persoas participantes
	Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación
	Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral
	Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral
	Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións
Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados	Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
	Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
Usar as bibliotecas de aula e de centro	Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
	Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro
Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe
Compón textos relacionados coa escola	Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen
Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	Ilustra creativamente os seus escritos
Interesarse pola presentación dos traballos escritos	Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación

	Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
Recoñecer a relación entre son e grafía	Recoñece a relación entre son e grafía.
	Separa as palabras que conforman un enunciado.
Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece	Compara aspectos moi elementais e evidentes
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís	Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís
	Recrea e compón breves relatos, a partir

	de modelos sinxelos
--	---------------------

### 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAGE</b>
Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos	Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais
Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada
Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas	Identifica o uso da linguaxe discriminatoria
	Usa unha linguaxe respectuosa
Comprender a información explícita en textos sinxelos	Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos
	Comprende informacións concretas en textos sinxelos
	Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia
Ter interese por ter unha biblioteca propia.	Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.
Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese	Selecciona textos do seu interese con certa autonomía
	Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís	Produce e reescribe textos moi sinxelos
	Elabora pequenos textos
	Usa o punto nos seus escritos.
	Interésase por aplicar as regras ortográficas

	Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social
	Compón textos relacionados coa escola
Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal
Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.
Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas
Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo	Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo

diversos textos literarios	diversos textos literarios
	Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento

## MÚSICA

### 1ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
	Recoñece e discrimina os sons do seu contexto
	Utiliza xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
oñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos	Repite esquemas rítmicos escoitados.
	Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas	Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio
	Realiza pequenas improvisacións melódicas
	Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
	Le e interpreta con ritmo

### 2ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
dentificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	oñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave
	Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
	Utiliza aplicacións sinxelas para realizar actividades musicais.
Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas

	Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
	Crea pequenos esquemas rítmico
	Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros
	Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións
Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
	Coordinar extremidades superiores e inferiores
	Identifica e utiliza o corpo como instrumento

### 3ª AVALIACIÓN

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
	Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	Coñece algunhas persoas compositoras
	Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición
	Emprega vocabulario básico musical
Realizar pequenas coreografías.	Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
	Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras

## **AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS**

- Entender a información esencial en conversacións breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre rutinas, temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola ou descrición moi básica de obxectos.
- Comprender o sentido xeral e o esencial de narracións orais axeitadas ao seu nivel.
- Reproducir e repetir as expresións do docente ou das bravacións utilizadas na aula.
- Responder axeitadamente en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre sí mesmo, peticións ou ofrecementos de obxectos, expresións do que lle gusta ou non, etc...

## **ÁREA DE ADUCACIÓN FÍSICA**

- Traer regularmente a vestimenta adecuada para a actividade física e incorporar nas súas rutinas o cuido e hixiene do corpo.
- Participar na organización e recollida do material utilizado nas clases.
- Participar activamente nos exercicios propostos e aceptar formar parte do grupo que le corresponda.
- Coñecer e identificar as partes do corpo propias e respectar a diversidade de realidades corporais.
- Recoñecer a dereita e esquerda, diante e detrás arriba e abaixo.
- Realizar actividades de equilibrio estático, con e sen axuda en base de sustentación estable.
- Desplazarse, saltar e xirar de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Equilibrar o corpo en distintas posturas.
- Representar personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento.
- Reproducir corporalmente una estrutura rítmica sinxela.

## **ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA**

- Utilizar estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respectar os compañeiros-as, o material e as normas de convivencia.
- Identificar e respectar as emocións e sentimentos propios e alleos.
- Relacionar unha alimentación adecuada, o exercicio físico e os hábitos de hixiene corporal e postural con unha vida saudable.
- Identificar características das principais partes do corpo, articulacións, ósos, músculos e órganos inertes.
- Describir as características xerais dos seres vivos.
- Identificar as características das plantas e as súas clasificacións.
- Clasificar aos animais según as súas características principais.
- Diferenciar animais vertebrados e invertebrados.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA. PLÁSTICA**

- Valorar a importancia da limpeza, do cuido do material e da orde.
- Identificar, nomear e debuxar as formas básicas, tamaños e cores.
- Describir o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.
- Elaborar portadas, colaxes e outros obxectos empregnando as ferramentas e as técnicas básicas: recortar, pegar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores...
- Elaborar e representar imaxes despois dunha presentación audiovisual.

## **2.- MÍNIMOS ESIXIBLES. AREAS TRONCAIS**

### **1º TRIMESTE**

#### **Lingua e literatura.**

- escoitar e comprender narracións orais sinxelas
- Recoñecer as vogais e as consoantes: l, m, s, p, t, n, d, c, qu, b, ch, f, g, r, x, b, rr, z, ñ.
- Escribir con corrección palabras formadas coas letras estudadas.
- Recoñecer os grupos gue-gui, ce-ci.
- Ler os textos propostos con fluidez.
- Participar en situacións de comunicación respectando a intervención dos demais.
- Expresarse por escrito con corrección, coidando caligrafía, orde e limpeza.
- Identificar os artigos: o, a, os, as.
- Identificar as contraccións: do, da, dos, das.
- Identificar as contraccións: no, na, nos, nas.
- Identificar os artigos: un, unha, uns, unhas coas súas contraccións: dun, dunha, duns, dunhas.

### **Matemáticas.**

- Identificar os números ata o 19.
- Realizar estimacións e comparacións de cantidades: maior, menor...
- Comprender os conceptos básicos de medida: grande, mediano e pequeno.
- Discriminar as formas xeométricas do contorno. .
- Orientarse no espazo e utilizar os conceptos: dereita, esquerda, diante, detrás, dentro, fóra, preto, lonxe, ancho, estreito, longo, curto.
- Realizar operacións de sumas e restas así como dominar a suma e a resta na recta numérica.

## **2º TRIMESTRE**

### **Lingua e literatura.**

- Ler e comprender un conto con diálogos.
- Escribir con corrección palabras coas letras: v, ll, k, x, así como os grupos güe-güi, fr-fl, pr-pl, br-bl, tr, dr, cr, cl, gr, gl. .
- Buscar sinónimos e antónimos.
- Separar e contar as letras e sílabas dunha palabra.
- Identificar as contraccións: nun, nunha, nuns, nunhas.
- Escribir con corrección oracións ao ditado.
- Clasificar os nomes.
- Formar diminutivos e aumentativos.

- Uso da maiúscula ao comezo de frase e despois de punto.
- Utilizar adxectivos cualificativos.
- Aplicar a regra do g na formación de sílabas.

### **Matemáticas.**

- Identificar os números ata o 69.
- Realizar sumas e restas con números de dúas cifras.
- Resolver problemas
- Realizar estimacións e comparacións de capacidade e peso.
- Distinguir liñas abertas- pechadas, liñas rectas- curvas.
- Coñecer as diferentes moedas de euro
- Identificar números pares e impares.
- Sumas con levadas.

### **3º TRIMESTRE**

#### **Lingua e literatura.**

- Ler poemas e relatos con fluidez
- Aplicar a regra ortográfica nas sílabas: ca, co, cu, que, qui, za, zo, zu, ce, ci.
- Formar palabras da mesma familia.
- Distinguir o xénero dos nomes.
- Recoñecer a estrutura dunha narración e dun conto.
- Ler e escribir frases exclamativas e interrogativas.
- Distinguir entre singular e plural.
- Traballar a descrición.
- Utilizar a maiúscula en nomes propios de persoas e lugares.
- Utilizar os verbos correctamente.
- Identificar palabras que derivan doutras.
- Discriminar foneticamente o son forte e suave do r
- Diferenciar as partes da carta
- Discriminar foneticamente as letras ñ e ll.
- Identificar o suxeito e o predicado dunha oración.
- Memorizar o abecedario.

#### **Matemáticas.**

- Identificar os números ata o 99.
- Identificar os números ordinais do 1º ao 10º.

- Discriminar as liñas poligonais abertas e pechadas.
- Identificar o interior e o exterior.
- Recoñecer que a orde dos sumandos non altera o resultado.
- Coñecer os días da semana e os meses do ano.
- Realizar sumas de tres sumandos.
- Discriminar os polígonos: triángulos e cuadriláteros.
- Interpretar a hora en reloxos analóxicos e dixitais.
- Iniciarse nos sistemas de clasificación e representación da información.

### **3.- AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN**

#### 3.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS:

Observación sistemática, cuaderno del profesor, autoevaluación, probas orais e escritas

#### 3.2. CUALIFICACIÓN FINAL:

70% traballo en clase, 15% probas orais, escritas, 15% traballo a distancia.

### **4.- METODOLOXÍA**

#### 4.1. ACTIVIDADES:

Lectoescritura, aritmética. Educación emocional, recursos literarios, desenvolvemento da intelixencia, xogos cos números.

#### 4.2. METODOLOXÍA

porposta de realización de actividades supervisadas por as familias de repaso, reforzo, reafirmación.

Actividades interdisciplinarias e temas transvesais.

Materiais e recursos: arquivos PDF.



